



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Destinatario:

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 16 de setembro de 2016, polo que se resolve a denuncia CIDADÁNS-CENTRUM, pola suposta utilización por parte de CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA da denominación do partido CIDADÁNS DE GALICIA, integrado na dita coalición.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 15 de setembro de 2016, o representante xeral da coalición electoral Cidadáns-Centrum presenta un escrito (RE 302/2016) no que formaliza unha denuncia electoral na que manifesta que o partido político Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía abriu unha sede en Santiago de Compostela na que figura un rótulo coa denominación do partido Cidadáns de Galicia, unha das entidades integradas na dita coalición electoral. Engade que utiliza esa denominación nas súas comunicacións públicas, nos medios de comunicación e nas redes sociais. Solicita que Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía sexa requirido para que se absteña de seguir utilizando aquela denominación e retire ese rótulo para non seguir causándolle prexuízos á aquela formación.

2. Nesa mesma data trasladóuselle á representación xeral de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía dunha copia da denuncia para que puidese formular alegacións que non foron presentadas.


Fundamentos de dereito

Como cuestión previa, cómpre ter presente, en relación coa licitude ou non de que a entidade política Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía poida utilizar outras denominacións, que a Xunta Electoral Central pronunciouse ao respecto no senso de reiterar que consta no Rexistro de Partidos Políticos que *"en aquellas comunidades autónomas que tengan otra lengua cooficial se utilizarán indistintamente el nombre del partido en castellano y su traducción a la lengua cooficial que corresponda"* (Ac. 30/2008).

Porén, o obxecto da denuncia é unha controversia sobre a utilización por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía na Comunidade Autónoma de Galicia dunha denominación en galego que, a xuízo da coalición denunciante, coincide co nome dun dos partidos que están integrados nela: Cidadáns de Galicia. Trátase, pois, dunha cuestión que afecta á identidade de entidades políticas inscritas no Rexistro de Partidos Políticos, polo que esta xunta electoral carece de competencia para entrar a decidir esta cuestión (art. 18 da Lei 8/1983, do 13 de agosto, de



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



eleccións ao Parlamento de Galicia); correspondéndolle, se é o caso, ao órgano xudicial competente a súa resolución.

Acordo

A Xunta Electoral de Galicia carece de competencia para resolver a denuncia, polo que procede o seu arquivo.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14,00 horas do próximo día 17 de setembro de 2016.

A Coruña, 16 de setembro de 2016.

O presidente

Miguel Ángel Cadenas Sobreira